

## O MEU ANIVERSARIO



Chámome Xandre Fernández  
Pérez e vivo en Pontevedra.

O cinco de marzo foi o meu  
aniversario.

Cumprín oito anos, xa tiña  
moitas ganas de que chegara

o meu día. A miña familia tiñame preparada unha festa sorpresa. Sen que eu sospeitara nada, decoraron o soto da casa durante días.

Pola mañá, levanteime e fun ao colexio, coma nun día calquera. Cando volvíñ, o meu pai levoume no coche a visitar aos meus avós.

Ao chegar de novo á casa, baixei ao soto e alí estaban todos os meus amigos, agardando a que chegara, para pasar a tarde comigo.

Foi xenial ! Había grilandas colgadas do teito, globos de cores, e unha piñata ! A miña nai fixo unha torta de amorodos.

Paseino moi ben e tiveren moitos agasallos, pero o meu preferido foi un papaventos que me regalou o meu padriño Braulio.

## RESPONDE A ESTAS PREGUNTAS

1) Como se chama o neno?

---

2) Cantos anos ten?

---

3) Onde vive?

---

4) Que día naceu?

---

5) Que lle tiña preparada a súa familia?

---

6) Onde celebrou a súa festa de aniversario?

---

7) A quen visitou Xandre cando volveu do colexio?

---

8) Cal foi o agasallo que máis lle gustou?

---